SARABELA TEATRO

PRESENTA

# VIAXE A NINGUNHA PARTE

DE FERNANDO FERNÁN GÓMEZ

DIRECCIÓN E DRAMATURXIA

ÁNXELES CUÑA BÓVEDA

concello de ourense
CONCELLARÍA DE CULTURA

AUDITORIO MUNICIPAL DE OURENSE

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais

XUNTA DE GALICIA

SARABELA TEATRO

SARABELA TEATRO

PRESENTA

# VIAXE A NINGUNHA PARTE

DE FERNANDO FERNÁN GÓMEZ

DIRECCIÓN E DRAMATURXIA

ÁNXELES CUÑA BÓVEDA

| | | | |
|---|---|---|---|
| FERNANDO DACOSTA | LINO BRAXE | FINA CALLEJA | ELENA SEIJO |
| JORGE CASAS | NATE BORRAJO | SABELA GAGO | JOSITO PORTO |

3 / VIAXE A NINGUNHA PARTE
6 / SINOPSE
11 / CONTEXTO HISTÓRICO
12 / PERSONAXES
14 / REPARTO ARTÍSTICO E TÉCNICO
15 / RECORTES DE PRENSA
16 / BREVE HISTORIAL DA COMPAÑÍA SARABELA TEATRO



# VIAXE A NINGUNHA PARTE

*Algúns artistas elixidos semellan posuir o talento preciso para moverse dun campo artístico a outro, sen esforzo, deixando en todos a pegada da súa personalidade e bo facer. É o caso deste luxo da escena española que se chama Fernando Fernán-Gómez*

## A viaxe

*"A viaxe a ningunha parte"* é unha excelente narración, contada co pulso firme de alguén avezado nestas lides, na que se nos relata a historia duns «cómicos da legua», que viven unha peripecia vital, pícara e variopinta. Ten como pano de fondo a España dura de hai unhas décadas. A risa, o pranto, a tenrura, a dor, o amor e a morte, todos os sentimentos e as paixóns humanas van mesturándose nesta odisea na que tan só ao final descubrirá o protagonista o derradeiro destino e sentido da súa viaxe a ningures.

## O autor

Fernando Fernán-Gómez (Lima, 1921-Madrid, 2007) é un dos directores máis populares e carismáticos do cine e do teatro español.

Dramaturgo e guionista, cultivou tamén a poesía e a narrativa. É autor de numerosos artigos, libros autobiográficos, novelas e relatos. Entre a súa prolífica obra destacan "*El vendedor de naranjas*", "*El mal amor*", "*El mar y el tiempo*", "*El ascensor de los borrachos*", "*La Puerta del Sol*", "*La cruz y el lirio dorado*", "*Oro y hambre*" y "*Capa y espada*". En 1977 obtivo o premio Lope de Vega pola súa obra teatral Las bicicletas son para el verano e en 1995 recibiu o premio Príncipe de Asturias das Artes en recoñecemento a unha vida adicada á cultura.

Como xa se fixo no cinema, desde SARABELA TEATRO queremos render homenaxe ao mestre Fernán-Gomez, e aos cómicos en xeral, con esta historia dun grupo de homes e mulleres, que non sempre lembran con precisión cal é o seu parentesco, entre os que nacen e morren... Hai amores, hai separacións dolorosas e encontros felices, o traballo entrelázase co amor, os problemas económicos cos familiares, e a fame co triunfo soñado.

A obra preséntase como unha celebración da nostalxia, porque a través das memorias do seu protagonista e narrador, lémbranse as desventuras dun grupo de actores cómicos da posguerra española, que percorrían as aldeas e vilas de Castela para desencadear as gargalladas dos veciños que entre grolo e grolo, afogaban as súas mágoas, mentres asistían ás divertidas representacións deses actores errantes, que malvivían en modestas pensións, e dificilmente podían comer unha codia de pan cada día.

Galván, o protagonista, revela episodios do pasado, moitas veces, fabulados, nos que a gloria consagra toda unha xeración de actores. Está dominado pola frustración, a infelicidade e o desamparo. O seu único amor, Xoaniña (Fina Calleja), xa forma parte dunha lonxana lembranza que, aínda que en contadas ocasións, lle amarga o humor.

A obra encerra un gran valor social, antropolóxico e histórico. Son múltiples as referencias á agonía do teatro, ao relevo xeracional, pois é a Rosiña (Nate Borrajo) a quen corresponde abandonar unha forma de vida obsoleta, emancipándose na súa fuxida cara adiante.

## Obxectivos pedagóxicos

- Coñecer o teatro dos “cómicos da legua”.
- A España de posguerra.
- O desenvolvemento urbán dos anos sucesivos.

## Procedementos

- Observar a vida dos cómicos, e as súas vicisitudes por representar en cada vila.
- Ter en conta as penalidades dos personaxes. Análise do contexto histórico.
- Estudar a actitude entusiasta de Rosiña. Relevo xeracional.

## Actitudes

- Rescatar do esquecemento outra forma de facer teatro.
- Valorar o sacrificio dun sector da poboación con escasos recursos.
- O espírito de superación de Rosiña no seu afán por labrarse un porvir á medida dos seus desexos.

# SINOPSE

*"A viaxe a ningunha parte"* é unha magnífica obra narrativa contada maxistralmente por Fernando Fernán Gómez e que SARABELA TEATRO adapta ao teatro con auténtica paixón.

É a historia duns "cómicos da legua" que vivían na España de hai unhas décadas e que percorrían camiños poeirentos ateigados de pobreza, co obxectivo de levar un sorriso, un respiro ás penurias dunha poboación gris, marcada pola miseria e a fame.

O cine ambulante estaba acabando cunha das profesións máis entrañables, onde os cómicos eran vistos con desprezo polo resto da sociedade, pouco máis ca xente vagabunda de baixa moral e tendente á vida libertina. Estes actores e actrices guindábanse á intemperie a representar as súas funcións ambulantes, obras dos irmáns Quintero, de Buero Vallejo ou de Calderón de la Barca, entre outros.

Os personaxes están moi ben definidos: O protagonista, Carlos Galván (Fernando Dacosta), entrañable, feble, inocente; o seu pai, Arturo (Lino Braxe), director da Compañía, tan só fixo unha cousa na súa vida, percorrer camiños representando funcións; Rosiña, Xulia e Xoana (Nate Borrajo, Sabela Gago e Fina Calleja) son mulleres duras e orgullosas; tamén aparece Solís "o peliculeiro" Sofía Maldonado (Elena Seijo) a encargada das xestións da compañía; Carliños, fillo de Carlos Galván, é un mozo que entra na vida dos cómicos e critica con perplexidade o estilo de vida que levan.

Trátase de personaxes moi humanos, ante-heroes, cos seus medos moi ben definidos, pero cunha vitalidade extraordinaria, pobres xentes que cren que por riba de todo hai que vivir a vida que a cada quen lle tocou coa maior dignidade como "principal forza que move a terra" e a maior alegría posible, alegría que se filtra nas escenas cun humor excelente.

O riso, o pranto, a tenrura, a dor, o amor e a morte, todos os sentimentos e emocións humanos van enfiándose nesta peripecia na que tan só ao final descubrirá o protagonista o derradeiro sentido da súa viaxe.

*O riso, o pranto, a ternura, a dor, o amor e a morte, todos os sentimentos e emociónns humanos van enfiándose nesta peripecia na que tan só ao final descubrirá o protagonista o derradeiro sentido da súa viaxe*

# CONTEXTO HISTÓRICO

A elección de "Viaxe a ningunha parte" serve de pretexto para reconstruír algúns dos máis relevantes capítulos da Historia da España do século XX, pois se remonta á década dos cincuenta, e achégase ao fin da ditadura de Franco. Segundo algunhas estimacións, foron máis dun millón de mortos os caídos durante a contenda fratricida, pero a desolación fixo estragos durante moito tempo, a fame azou-taba a toda a poboación, e non eran poucas as veces que, como reflexa a obra, desatábase un conflito por facerse cun prato quente á tardiña.

A miseria afectou por igual a nacionais e a vermellos. Así é que a bravura castrense dun ex-divisionario non aliviaba, nin a angustia propia, nin a allea.

A composición da soldadesca era en grao sumo hetero-xénea, pois aparte os verdadeiramente comprometidos co réxime, había quen acudían á fronte por outras razóns, por exemplo, a falta de recursos económicos, que en campaña se remediaba cun prato de comida.
Por outra banda, Galván nos retrotrae a un pasado imbuído por unha mal entendida relixiosidade raiana no fanatismo, representada na obra pola intransixencia de dúas beatas que increpan aos cómicos, por expresarse indecorosamente ao coincidir no recinto sacro (a igrexa) durante a celebración da Misa, cunha compañía teatral da competencia. Non hai que esquecer que a firma do Concordato coa Santa Sé o 25 de agosto de 1953 non foi máis que a lexitimación dunha España confesional ao gusto do réxime franquista; feito que se traducía na concesión de privilexios á Igrexa, e na protección dos máis acérrimos fieis, que velaban pola pureza de pensamento, e por unha farisaica actitude, que máis parecía adaptarse á férrea moral franquista que aos principios que Jesús preconizaba.

Nin que dicir ten, que a miseria agudiza o enxeño. Aínda que o goberno de Eva Perón contribuíu en moito a que o 27 de febreiro de 1951 España ingresase na Organización das Nacións Unidas (ONU), e en diante, noutras axencias, tras promover internacionalmente o apoio a Franco na súa cruzada anti-comunista; para Galván a dubidosa presenza de Kennedy en España nos anos sesenta non fai senón confirmar a fantasiosa imaxinación dunha vida máis que mediocre, endulzada esporadicamente, por vivencias tan fulgurantes como efémeras. E pouco despois, a morte do cómico precederá a acontecementos socio-políticos que socavarán as agora dúctiles estruturas do réxime, como o asasinato do almirante Luís Carrero Branco o 20 de decembro de 1973, a mans da ETA. O atentado recibiu o nome de Operación Ogro.

# PERSONAXES

Os personaxes están moi ben definidos: O protagonista, Carlos Galván (Fernando Dacosta), entrañable, feble, inocente; o seu pai, Arturo, director da Compañía (Lino Braxe), tan só fixo unha cousa na súa vida, percorrer camiños representando funcións; Rosiña, Xulia e Xoana (Nate Borrajo, Sabela Gago e Fina Calleja) son mulleres duras e orgullosas; Sara Maldonado (Elena Seijo) é a encargada das xestións da compañía; Solís o peliculeiro e Zacarías o ruín empresario (Josito Porto); Carliños, fillo de Carlos Galván é un mozo que entra na vida dos cómicos e critica con perplexidade o estilo de vida que levan como contrapunto ao romanticismo con que se describe a profesión.

***Arturo Galván***, o pai , un actor de teatro de dubidoso pasado, naceu nunha carreta, é inimigo de "peliculeiros", e apaixonado do teatro ambulante.

***Xulia***, que acaba asumindo a profesión, máis por obriga que por devoción cara aos seus.

***Sara Maldonado***, inspira a confianza e o respecto dos seus achegados, e lle confiren a seguridade necesaria, para persuadir a empresarios provincianos que se aproveitan miserablemente das penurias alleas.

***Xoaniña***, que rendéndose ás ilusorias promesas de Carlos , se unirá a unha compañía sen porvir, ate decatarse de que o amor que sinte por el é incompatible coa abnegación e a renuncia propias dunha vida errante.

A ardente ***Rosiña***, que non vacilará en labrarse un porvir á medida dos seus desexos.

***Zacarías***, un ruín empresario de aldea que contrata os servizos dos cómicos a prezo de saldo, para representar unha obra"" do seu puño e letra (o que lle valerá a burla dos seus veciños da aldea, por, como el mesmo apunta, "saír do seu").

Finalmente, ***Carliños,*** "o zangolotino", fillo de Carlos , que irrompe na vida da compañía, focalizando totalmente a atención do seu pai.

Non esquezamos a ***Carlos Galván***, a través de periódicas revelacións de sobremesa, cada mércores reconstrúe un novo episodio do seu pasado. Durante o transcurso da súa narración semanal conta como foi desfacéndose toda unha xeración de artistas, e a súa postrema morte selará a aparente desaparición dun xénero. Pouco antes de expirar, arredor de Carlos , congregarase un grupo de improvisados actores dispostos a representar unha modesta obra teatral que o moribundo preparou previamente. No intre no que un colega lle describe a composición do elenco,dará o seu derradeiro suspiro e, curiosamente ,a súa morte fará renacer o teatro.

# REPARTO

FERNANDO DACOSTA

FINA CALLEJA

NATE BORRAJO

SABELA GAGO

ELENA SEIJO

JOSITO PORTO

LINO BRAXE

JORGE CASAS

## FICHA ARTÍSTICA E TÉCNICA

*Dramaturxia*
Ánxeles Cuña Bóveda

*Actores/Actrices*
FERNANDO DACOSTA
FINA CALLEJA
NATE BORRAJO
SABELA GAGO
ELENA SEIJO
JOSITO PORTO
LINO BRAXE
JORGE CASAS

*Proxeccións*
Diego B. Urbano

*Deseño de espazo escénico e vestiario*
Suso Montero

*Deseño de iluminación*
Pedro Fresneda

*Deseño de maquillaxe*
Raquel Fidalgo

*Cartaz e programas*
Ghedesign

*Fotos*
Mario G, Herradón

*Técnico de son*
Rubén Dobaño

*Técnico de luz*
Manuel Bayón

*Técnico de escena*
David Díaz

*Axudante de dirección*
Tito Asorey

*Espazo sonoro*
Rennata Coda Fons

*Video*
Alba Carpentier

*Dirección*
Ánxeles Cuña Bóveda

*Produción Teatro Sarabela S.L.*
Elena Seijo e Fina Calleja

*Distribución*
Fina Calleja





# RECORTES DE PRENSA

### “ EL OÁSIS DE SARABELA

Hay que saludar que, sin pretenderlo o no, Sarabela acuda a nuestro rescate con la puesta en escena de Viaxe a ningunha parte... Al grupo teatral ourensano sólo se le nota el paso de los años en las tablas y el buen hacer de sus actores, que dan vida a una compañía de teatro ambulante obligado a buscarse la vida de pueblo en pueblo en tiempos en los que faltaba de todo y sobraba miseria.

Los viejos conocidos de Sarabela que acudan al Auditorio de Ourense a ver el Viaxe a ningunha parte constatarán la solvencia del grupo, mientras que los novatos se sorprenderán por la calidad y calidez de la representación, en la que se adivina el diestro manejo de hilos de la directora, Ánxeles Cuña; unos y otros verán largamente cumplidas las expectativas y se darán cuenta de que hay pocas fórmulas mejores para gastar hora y media de tiempo”.

**La Región** */ Lalo Pavón*

### “ VIAJE A NINGUNA PARTE

Basada en su novela homónima y con versión y dirección escénica, exquisitamente conseguida por una hábil e inspirada Ánxeles Cuña Bóveda. Y lo hace con mimbres excelsos...”

Maravilloso, convincente, tierno y perdedor Fernando Dacosta como protagonista; bueno Jorge Casas y su vis cómica; realista la firmeza como empresario de fracasados bohemios desahuciados de Lino Braxe.... Un elenco de primera para un c´cotel afrodisíaco entre la entrega y la renuncia, la abnegación y la huida, lo conmovedor y el ridículo risible”.

**El Ideal Gallego** */ J. A. Martínez*

### “ VIAXE CARA NINGURES

“Hai hoxe custo unha semanan que Sarabela Teatro estreou outra das súas excelentes pezas escénicas coa que nos convocou a un gran número de ourensáns para gozar, da profesionalidade artística e da empatía emocional....

Recoméndolle sinceramente que non a perda, xa que logo, non só pasará cerca de dúas horas de perfecta comuñón con un elenco de persoeiros poliédricos”.

# BREVE HISTORIAL DA COMPAÑÍA SARABELA

SARABELA TEATRO, ubicada nunha situación estratéxica na cidade de Ourense, conta para este proxecto cun equipo de 8 actores e actrices; 3 técnicos; 5 deseñadores.

Recoñecida como unha das Compañías máis consolidadas de Galicia, Sarabela Teatro leva 32 anos de traballo incesante nos que o compromiso coa realidade manifféstase en cada un dos seus espectáculos.

Ionesco, Kundera, Mishima, S. Belbel, M. Rivas, Calderón, Lorca ou Blanco Amor , entre outros, deixaron pegadas inesquecibles nunha prolífica travesía que foi derivando cara á produción de textos de autoría propia con títulos como "Tics", "Margar no pazo do tempo" ou "Dáme Veleno".

Os seus últimos espectáculos: *"A Esmorga"*, de Eduardo Blanco Amor, *"Konrad"* de Christine Nöstlinger e *"O incerto señor don Hamlet"*, de Alvaro Cunqueiro, *"Tango"* de Mrozek... veñen a confirmar o seu compro-miso co teatro galego e cos espectadores.

Atinadas foron as dúas postas en escena do 2011 *"O asombro da auga"* e *"Tango"* que comparte cartel neste 2012 coa noa estrea infantil "A Voar".

## DISTRIBUCIÓN

Fina Calleja: 629860580
sarabelateatro@yahoo.es

WWW.SARABELATEATRO.COM